



Grupo de traballo de educación para a reforma do Plan Xeral de Normalización Lingüística

Tendo coñecemento polos medios de comunicación de que se están a crear un total de 11 grupos de traballo para a reforma do PXNL que no ano 2004 aprobou por unanimidade o Parlamento Galego, e que un deses grupos vai traballar sobre a situación no sistema educativo, a CIG-Ensino considera inaudito que a ese grupo non fose convocado o sindicato maioritario no ensino público galego e no conxunto de Galiza. Temos demostrado desde hai moitos anos a importancia que para o noso sindicato ten a situación de emerxencia lingüística e temos, como sindicato, formulado propostas concretas para afrontar a desfeita provocada polo decreto de plurilingüismo, a última delas no ano 2020 coa Proposta de Bases para a Normalización Lingüística. Sería unha nova mostra de profundo sectarismo da Xunta, é dicir, do PP, excluír á CIG-Ensino dese grupo. Solicitamos que se traslade a quen corresponda ser incluídos. **Darán traslado da nosa solicitude á SXPL.**

Oferta de Emprego público

Non é de recibo que só contemos a estas alturas con declaracións propagandísticas da Xunta. Exiximos que veña á Mesa canto antes a oferta de emprego público coa proposta de reparto por corpos e especialidades, xunto con toda a información das prazas estruturais que dan lugar á oferta. **A Consellaría asegura que traerán á Mesa na segunda quincena de xaneiro tanto a OPE como a proposta de reparto por especialidades.**

Prazas nas unidades hospitalarias de saúde mental

Instamos ás Consellaría de Educación e a Sanidade a dar unha solución real e definitiva ás prazas docentes nas unidades hospitalarias de saúde mental. Levamos anos reclamando unha rede fixa de postos de traballo e non podemos entender que se adopten solucións que non son máis que parches e sempre dependendo das nosas protestas e das das familias. **Novamente obtemos como única resposta que están traballando ambas Consellarías neste tema e que darán traslado da nosa demanda á directora xeral de ordenación.**

Concurso excepcional de Canarias

A Consellaría informa que hai un total de 61 docentes interinos galegos que acadan praza en Canarias. Son 35 no corpo de mestres e 26 nos corpos de secundaria. Dado que Canarias vai permitir que aquel profesorado que traballa fóra poida quedar nas comunicades de orixe en comisión de servizo até o 31 de agosto, a Consellaría vaise poñer en contacto con todo este persoal.

Baremo único para todas as convocatorias de concursos de méritos.

A CIG-Ensino solicitou a finais do curso pasado que se aprobase un baremo xeral para todas aquelas convocatorias de concurso de méritos que publica anualmente a administración, evitando a situación actual, con diferenzas que non teñen sentido. A Consellaría comprometeuse a ter lista esa proposta a comezos deste curso. Finalmente hoxe comunicáronnos que nos remitirán unha proposta unificada no próximo trimestre.

Compensación económica atención a comedores

Segundo información recabada nos centros educativos, desde o ano 2020 non se actualizaron as contías das compensacións económicas a percibir polo persoal funcionario e laboral destinado nos centros educativos públicos galegos, así como aos pais, nais, titores legais e familiares acolledores/as de nenos escolarizados en ditos centros, que asuman responsabilidades na organización dos comedores escolares e realicen tarefas de atención e vixilancia dos menores comensais. Instamos á Consellaría a actualizar estas contías canto antes.

Trasladarán a nosa demanda á dirección xeral correspondente.

Atraso no pago dos Sexenios

A Consellaría segue sen solucionar os atrasos no pago dos primeiros sexenios do persoal. Cando se vai solucionar? É coñecedora a Consellaría do problema que pode provocar ao profesorado ao pagar en anos fiscais distintos estes atrasos? Seguen alegando problemas de xestión en Intervención económica e que non depende de Educación.

Pago de vacacións ao persoal substituto

Lamentamos que de novo nos orzamentos da Xunta de Galiza se manteña a negativa a pagar o verán ao profesorado substituto que traballe máis de cinco meses e medio no curso.

Seguimos considerando que é unha vergoña que se manteña esta situación mentres segue aparecendo no texto do acordo do persoal interino sen ningún tipo de relevancia legal.

Ningún comentario ao respecto, o que resulta revelador nun día como hoxe.

Vacantes estruturais

Amosamos a nosa total desconformidade co feito de que a Dirección Xeral non teña remitido ás organizacións sindicais desta

Mesa Sectorial a relación de todas e cada unha das prazas que levan sendo ocupadas tres anos con destinos provisionais e non teñen docente con dereito a esa praza, cumprindo co compromiso que adquiriu. O subdirector afirma que convocará unha reunión no mes de xaneiro para proporcionarnos toda a información.

Selección accidental na inspección educativa: un exemplo de pésima xestión

Queda demostrada a pésima xestión da Consellaría neste tema cos resultados do proceso de selección de profesorado para facer funcións provisionais na inspección até que remate o curso escolar. Non debe ter moito apuro a Dirección Xeral de Ordenación por cubrir as 9 prazas vacantes na inspección porque podían estar cubertas desde hai máis dun mes e non se cubrirán até a volta de Nadal. Se nas oposicións quedaron desertas 5 das 11 prazas (un 45%) agora quedan desertas 4 de 9 (de novo un 45%). Tendo en conta que o subdirector xeral de centros presidía o tribunal pode ser un bo momento esta Mesa para que xustifique como poden quedar tantas prazas desertas.

A CIG-Ensino, que considerou este procedemento un exemplo de torpeza que agora se confirma, agarda unha rectificación da Consellaría e que na convocatoria de oposicións do 2025 figure expresamente que se abrirá unha listaxe para cubrir accidentalmente prazas na inspección educativa no caso de que queden prazas desertas.

Silencio total da Consellaría sobre este tema.